

CIRCULAR INFORMATIVA USO DO TRANSPORTE ESCOLAR

1. ALUMNADO CON DEREITO A TRANSPORTE ESCOLAR (SOLICITUDE DE COR AZUL):

TERÁ DEREITO O ALUMNADO QUE TEÑA O SEU DOMICILIO FÓRA DO NÚCLEO URBANO NO QUE ESTEA SITUADO O CENTRO, E, EN CALQUERA CASO, A UNHA DISTANCIA DO MESMO SUPERIOR AOS 2 KM

2. AUTORIZACIÓNS EXCEPCIONAIS PARA O USO DO TRANSPORTE (SOLICITUDE DE COR AMARELA):

O alumnado que, en base á normativa anterior, non teña dereito ao uso do transporte escolar (por vivir a menos de 2 Km.), poderá solicitalo con carácter excepcional (**deberá facerse anualmente**).

Lembramos que as paradas de Bellavista, As Cascas e Chatarrería 1 e 2 son de carácter excepcional.

Só poderán ser autorizados con carácter excepcional:

- Se hai prazas baleiras no correspondente autobús
- Para uso das paradas existentes sen modificación do itinerario

AS AUTORIZACIÓNS EXCEPCIONAIS TEÑEN QUE SER SOLICITADAS POLO INTERESADO NO CENTRO EDUCATIVO E TERÁN VIXENCIA ÚNICAMENTE O CURSO ESCOLAR PARA O QUE SE SOLICITA. ESTA AUTORIZACIÓN QUE SE CONCEDE É REVOGABLE SE CAMBIAN AS CIRCUNSTANCIAS QUE A XUSTIFICAN OU SE É PRECISO ASIGNAR AS PRAZAS A OUTRO ALUMNADO CON DEREITO PREFERENTE.

3. Os usuarios que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado (tanto con dereito como excepcionais) **PERDERÁN O DEREITO A TRANSPORTE.**

4. PRAZO PARA SOLICITUDES:

- Alumnado que xa está no centro e é USUARIO CON DEREITO (domicilio a máis de 2 km.) durante o curso 2021/2022: **non teñen que facer nova solicitude, PERO TERÁN QUE COMUNICAR NA SECRETARÍA (de forma presencial, por teléfono ou por correo electrónico) A CONTINUACIÓN NO SERVIZO NO CURSO 2022/2023.**
- Alumnado que xa está no centro e é USUARIO EXCEPCIONAL durante o curso 2021/2022: **SI** teñen que facer unha nova solicitude para o curso 2022/2023 (pois as autorizacións excepcionais teñen que ser renovadas cada ano): **do 3 ao 27 de maio.**
- Alumnado que xa está no centro, non usa transporte neste curso, e quere facer uso do transporte, tanto excepcional como por dereito, para o seguinte curso: **do 3 ao 27 de maio.**
- Alumnado de nova incorporación: realizará a solicitude no momento da admisión ou da matrícula.
- Os usuarios que causen baixa para o curso 2022/2023 deberán comunicalo na Secretaría do **3 ao 27 de maio.**

5. **Documentación a achegar xunto coa solicitude:** Certificado de **padrón da unidade familiar**. No caso de querer solicitar unha parada diferente á do domicilio familiar, deberá consultarse a documentación a traer na Secretaría do centro

6. **A asignación da parada para cada alumn@ será fixa para todo o curso**, agás cambios de domicilio debidamente acreditados.

7. AS AUTORIZACIÓNS EXCEPCIONAIS serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta: Discapacidade (coa súa correspondente xustificación), a idade dos alumnos, a distancia entre o domicilio do solicitante e o centro escolar ou a situación económica.

Para calquera dúbida sobre transporte escolar, dirixirse á Secretaría a través do tfno. 881 880 237

PODEN PRESENTAR AS SOLICITUDES DA SEGUINTE MANEIRA:

- NA SECRETARÍA DO CENTRO, MEDIANTE CITA PREVIA NO TFNO. 881 880 237.**
- A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO ceip.vales.villamarin@edu.xunta.gal (confirmando telefónicamente que a súa solicitude chegou correctamente)**